

ARTE DO S.XIX. POSTIMPRESIONISMO

OBRA: NATUREZA MORTA CON TARTEIRA, COPA E MAZÁS

AUTOR: Paul **CÉZANNE** (1839-1906)

CRONOLOXÍA: 1879-1980

ESTILO: Postimpresionismo

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 46 cm x 55 cm

LOCALIZACIÓN: Colección Lecomte, París



CONTEXTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

Entre as últimas décadas do S.XIX (1886, última exposición colectiva dos Impresionistas) e os primeiros anos do S.XX (1907, exposición de *As señoritas de Avignon*) esténdese a obra de varios pintores que formaron parte do movemento impresionista e que van desenvolver un estilo personal, alonxándose dos preceptos impresionistas e abrindo novos camiños de experimentación. Na súa obra aparecen trazos que anuncian as características das vangardas do S.XX. O termo Postimpresionismo foi acuñado polo crítico de arte Roger Fry, con referencia á exposición celebrada en 1910 en Londres baixo o título *Manet e os impresionistas*. Dita denominación é un tanto imprecisa xa que non se trata dun grupo organizado, senón dunha serie de pintores amigos e coñecidos que nunha época buscan novos rexistros expresivos e que teñen estilos completamente distintos. Os principais pintores que se encadran nesta denominación son Cézanne, Gauguin e Van Gogh. Podemos destacar algunhas características comúns (a pesar das enormes diferenzas) a estes pintores: reivindicar a autonomía da pintura, cunha linguaxe específica; rexeitan representar fielmente a realidade: a obra constrúe unha nova realidade; recuperan a importancia do debuxo; investigan sobre as formas dos obxectos; usan a cor dun xeito subxectivo.

Sinalar que nesta época vai producirse unha revalorización da arte de pobos considerados “primitivos”, especialmente africanos, dos que tomarán novas formas de representar o corpo humano: disposición de planos, cromatismo e volume.

CÉZANNE (1839-1906)

Natural de Aix-en-Provence, contou cunha fortuna familiar que lle permitiu adicarse de cheo á investigación pictórica. Foi amigo, entre outros, do escritor Émile Zola. É un artista solitario e sen discípulos que sentou as bases da arte da vangarda do S.XX, prantexando problemas esenciais como o da composición e a descomposición das formas. Tivo contacto cos impresionistas e participou con eles en dúas exposicións. A partir de 1880 considera que o Impresionismo está esgotado e comeza un camiño persoal de investigación teórica e práctica que lle levará toda a súa vida. Concibe a pintura como unha obra de arte autónoma, cunha linguaxe propia: a pictórica, é dicir, bidimensional e plástica.

Cézanne era moi lento no seu traballo, construindo a súa composición minuciosa e equilibradamente. Era moi minucioso, investigando constantemente sobre a forma e o equilibrio da composición. Tiña a costume de quedarse horas fronte ao mesmo lenzo, traballando durante varios días sobre o mesmo tema. Aínda que formado no Impresionismo, pronto anunciaría futuros estilos como o Expresionismo ou o Cubismo. Nos seus inicios reinterpretou temas tradicionais como crítica á burguesía, empregando cores escuras, unha pincelada densa e unha brillante execución. Neste sentido, empregou unha liña de traballo, baseada na simplificación das formas tendente á xeometrización, a recuperación do debuxo, o reduccionismo cromático, as grandes pinceladas que facetan as superficies do cadro, e a multiplicación de puntos de vista, en todo o cal residen as grandes aportacións deste artista á pintura. Tratou poucos temas traballados en series cunha minuciosidade extraordinaria, temas obsesivos que nos

falan dun pintor que quería reflectir verdadeiramente a realidade, pero nunca estaba satisfeito. Por outra banda, asumidas as teorías da cor, Cézanne creou o seu propio estilo, con pinceladas longas e visibles, de liñas case paralelas que expresan a solidez das formas. Os seus temas preferidos son os bodegóns, as paisaxes provenzais preto da súa cidade natal, as distintas versións da montaña de Sainte Victoire, e, a partir de 1890, a figura humana, reflectida coa mínima expresividade xestual e aspecto inacabado, usando unha pintura moi diluída (*Os xogadores de cartas*).

Destaca a súa concepción do espazo, alonxada da perspectiva tradicional, na que os obxectos se dispoñen segundo a proximidade ao espectador, eliminando as liñas de fuga. Analiza a estrutura e o volume permanente das formas dos obxectos e destaca que os corpos xeométricos están presentes na propia natureza: esferas, cilindros, conos. Construíra o espazo a base de masas xeométricas de cor. Realizou paisaxes, retratos, escenas e bodegóns, con frecuencia con versións dun mesmo motivo. Coas súas investigacións preparou o camiño ao Cubismo e a todas as correntes do S.XX interesadas na estrutura formal da realidade.

COMENTARIO

Con esta pintura comezan as grandes series de naturezas mortas das etapas media e última de Cézanne.

Contido iconográfico. O tema é só un pretexto para a reflexión pictórica. Sobre unha superficie están situados unha serie de obxectos propios das naturezas mortas: mantel pregado sobre o que hai mazás e un coitelo, unha copa e un froiteiro con mazás e uvas.

A **composición** ven dada polos elementos plásticos empregados: a colocación das pinceladas, a distribución dos tons de cor exactos, o volume da mancha e o uso do contraste entre elementos. Pero a través da cor, as simetrías dos obxectos crúzanse ou se superpoñen e o mesmo obxecto pertence entón a grupos diferentes. A rivalidade de eixos resultantes dá unha vida ao conxunto que doutro xeito sería moi estático. No primeiro plano, un punto escuro –quizáis o ollo da fechadura do cofre- centra o deseño e ata os elementos verticais de enriba á base horizontal.

Cor. Cézanne constrúe coa cor os volumes, as masas, a luz, a perspectiva e, en definitiva, o espazo. Constrúe as formas a través de volumes puros, modelados mediante planos de cor. A cor é a protagonista do conxunto. Mediante a modulación cromática consegue a iluminación, a luz e a sombra. A cor é suave e rica dentro dunha gama limitada. No paso lento da luz á sombra, diferente en cada obxecto, cada cor revela a súa escala de valores en pasos visibles. Así xorden sólidas formas na atmosfera, a sombra profunda, a luz polos cambios sutís de cor desde os tons transparentes aos pigmentos luminosos de gran densidade e forza. Indiferente ás texturas dos obxectos, Cézanne recrea na textura máis palpable da pintura os graos de materialidade: a opacidade, a transparencia, a atmosfera, e a existencia superficial do pictórico en si mesmo no ornamento sobre a parede empapelada.

Pincelada. A obra está estruturada a través de pinceladas curtas diagonais que se distribúen por todo o espazo. Cézanne debuxou liñas escuras arredor dos obxectos para definir as formas neste medio inestable de aire e luz no cal as cores e os contornos combínanse cos tons circundantes aplicados en pinceladas similares inclinadas. Máis definidos que nos seus outros cadros, estes contornos non son tan uniformes e grosos como as liñas de inclusión que realizarán artistas posteriores que recollen esa influencia.

Perspectiva. No seu afán por superar a perspectiva tradicional, Cézanne emprega unha nova concepción do espazo combinando perspectivas diferentes: alzada e frontal. Con varios puntos de vista, algúns elementos vense desde arriba (mesa, mazás) e outros de fronte (copa) e lateral (froiteiro). Algúns obxectos están distorsionados para establecer unha relación máis estreita entre eles. Esta multiplicidade permite establecer novas relacións e proporcións entre os elementos do cadro. A gran habilidade de Cézanne está en conectar esta variedade de visións, que anuncia o Cubismo, sen esforzo nin esaxeración.

O máis orixinal no cadro son as elipses da compoteira e da copa. Así como Cézanne varía as posicións, cores, e contornos da froita, xoga máis atrevidamente cos contornos das vasillas. A elipse da compoteira convértese nunha única forma composta, lineal debaixo, máis arqueada enriba, contrariamente

á visión da perspectiva e en oposición coas formas simétricas da copa. Na súa proporción, a compoteira achégase á división rectangular do lenzo e nas súas curvas adáptase ás formas contrastadas das mazás e das uvas, ás liñas rectas do cofre, ás curvas da froita debaixo, e o follaxe sobre a parede. Se a substituímos pola forma correcta da perspectiva, a compoteira parecería intrascendente, perdería o seu efecto de estabilidade e forza.

Trátase dunha das primeiras naturezas mortas do autor. Comparada coas demais, esta parece unha volta á tradición polos seus contornos estudados e a gran profundidade da sombra. Parece tamén unha das máis formais polo emparellamento sobrio e centrado dos obxectos, desde as mazás sobre o pano ás follas debuxadas sobre a parede. O encanto desta pintura reside que ao mesmo tempo é sutil e forte, meticulosa e lixeira, reflectindo a seriedade coa que o autor enfronta toda a súa labor de creación.